

guía de intervención pedagógica

Tupper



proxecto Fiestra

Financiado pola Deputación de Ourense.

Material educativo elaborado pola Academia Galega do Audiovisual en colaboración co Grupo de Investigación Terceira Xeración da USC para a súa difusión en centros de ensino de Galicia.

Deseño e maquetación: ekinocio
Ano: 2020

www.fiestra.gal

índice

- 1.** Materias recomendadas para traballar as temáticas e valores da obra *Tupper*: **P5**
 - Educación Secundaria Obrigaoria
 - 1º de Bacharelato
 - 2º de Bacharelato

- 2.** Temas e valores na obra *Tupper* **P7**

- 3.** Sobre a obra *Tupper* **P8**

- 4.** Ficha técnica e palmarés *Tupper* **P9**

- 5.** Actividades: **P10**
 - 5.1. Preguntas e respostas para docentes
 - 5.1.1. Actividades de experiencia, reflexión e acción en común
 - 5.1.2. Actividades de debate e reflexión por secuencias

 - 5.2. Preguntas para alumnas e alumnos **P14**
 - 5.2.1. Actividades de experiencia, reflexión e acción en común
 - 5.2.2. Actividades de debate e reflexión por secuencias

recomendacións para antes e despois de ver a obra: www.fiestra.gal

En esta vida hay que apechugar con los malos tragos

JAVIER GUTIÉRREZ

BELÉN CONSTENLA

TUPPER

Un cortometraje de **ÁNGEL MANZANO**



con **FRAN PELETEIRO** y la colaboración de **MARTA TORRÓN** como "la empleada"

GROMLAND Producciones presenta "TUPPER" con **FRAN PELETEIRO** y **MARTA TORRÓN**
Montaje **FERNANDO MANZANO** Fotografía **DIEGO DE COO** Música **MARTIÑO TORO** Sonido **ELOY TÁBOAS**
Maquillaje **RUBÉN CASAL** y **SANDRA GUZMÁN** Diseño de Vestuario **RAQUEL RODRÍGUEZ**
Dirección Artística **DIANA PIÑEIRO** Director de Producción **JUAN LOIS** Ayudante de Producción **CARLOTA BADÍA**
Producción **ÁNGEL MANZANO, FERNANDO MANZANO** y **RICARDO MANZANO**
Guión y Dirección **ÁNGEL MANZANO**

materias recomendadas para traballar as temáticas e valores da obra *Tupper*

1.

Apta para maiores de 7 anos.
Recomendada para maiores de 11 anos.

Nota para todos os ciclos e cursos:

Esta obra é susceptible de ser abordada en calquera das materias escolares xa que, tal e como recolle a LOMCE, «nas diferentes materias que integran o currículo educativo de todos os cursos trabállase de forma transversal: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional».

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	
PRIMEIRO CICLO [1º, 2º e 3º Curso]	SEGUNDO CICLO [4º Curso]
<ul style="list-style-type: none"> Lingua Castelá e Literatura Educación Plástica, Visual e Audiovisual Valores Éticos 	<ul style="list-style-type: none"> Lingua Castelá e Literatura Educación Plástica, Visual e Audiovisual Valores Éticos Iniciación á Actividade Emprendedora Empresarial Filosofía

1º DE BACHARELATO

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
<ul style="list-style-type: none"> Lingua Castelá e Literatura Filosofía 	<ul style="list-style-type: none"> Lingua Castelá e Literatura Filosofía 	<ul style="list-style-type: none"> Lingua Castelá e Literatura Cultura Audiovisual Filosofía

2º DE BACHARELATO

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
<ul style="list-style-type: none"> Lingua Castelá e Literatura 	<ul style="list-style-type: none"> Lingua Castelá e Literatura Economía da Empresa 	<ul style="list-style-type: none"> Lingua Castelá e Literatura Cultura Audiovisual
<p>MATERIAS ESPECÍFICAS</p> <p>Fundamentos da Administración e Xestión</p> <p>Imaxe e Son</p>		

temas e valores na obra *Tupper*

2.

TEMAS

Traballo
Ámbito laboral
Ameaza
Coacción
Abuso dos traballadores
Crise económica
Rendibilidade
Os límites do poder
O umbral da integridade humana
Dereitos e conquistas laborais
Salarios precarios
Condições laborais vergoñentas
Trato inhumano dos traballadores
Globalización
Economía de mercado globalizada
Deslocalización da toma de decisións
Deshumanización
Comedia, sarcasmo, humor negro

VALORES

Proxectivos
 Honorabilidade
 Integridade
 Sentido de intimidade e pudor en actuación
 interna e externa

Morais
 Ética
 Bondade
 Tolerancia
 Xustiza
 Honradez
 Malicia

Territoriais, glociais e espaciais
 Territorialidade
 Globalidade
 Transnacionalidade

Estéticos
Artísticos
 Cinematográficos

sobre a obra *Tupper*

3.

Ata onde chegaría alguén para manter o seu traballo? Estaría disposto a rebaixarse por non ser despedido? Preguntas así son as que forman a base de *Tupper*: ver como o peixe grande dille ao mozo «Si, si, vou comer,... pero antes faime estes informes para mañá».

Con cada nova crise económica, desaparecen afogadas multitude de conquistas en materia laboral. Baixos salarios, contratos precarios, condicións vergoñosas... son o día a día do traballador medio. E todo iso co beneplácito de corporacións empresariais sen rostro, que espremen ao seu persoal co simple obxectivo de conseguir maior rendibilidade. «Son un gasto refugable», comenta nun momento dado o protagonista da historia. Sempre é importante darlle voz –aínda que sexa desde unha tribuna ficticia– a aqueles que son machucados por esa cruel trituradora chamada «economía de mercado globalizada».

Con todo, o director quixo darlle un punto de vista sarcástico, usando o humor negro como suavizante da revirada proposta que lle fai esa xefa de persoal ao pobre empregado. Xa se sabe que cun sorriso –aínda que sexa cínico e maldito–, todo entra. E cando dicimos «todo», é todo.



ficha técnica e palmarés acadado *Tupper*

4.

FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Ángel Manzano

Produción: Gromland Producciones [Ricardo, Fernando e Ángel Manzano]

Dirección de fotografía: Diego de Coo

Montaxe: Fernando Manzano

Música: Martiño Toro

Dirección de vestuario: Raquel Rodríguez

Dirección artística: Diana Piñeiro e Jorge Toledo

Dirección de produción: Juan Lois

Axudante de produción: Carlota Badía

Operador de cámara: Diego de Coo

Axudante de dirección: Juan Silva

Script: Carlota Badía

Xefatura de son: Eloy Táboas

Técnicos de son: Miguel Gil e Guillermo Teimoy

Auxiliares de produción: Daniel Gómez, Fernando Lois e Raúl Fernández

Maquillaxe: Rubén Casal e Sandra Guzman

Barbaría: Sara García e Iria García

Efectos especiais: Fernando Lois

Foto fixa: Tania Martínez

Interpretación: Javier Gutiérrez, Belén Constenla, Fran Peleteiro, Marta Torrón

PALMARÉS

- Nomeado aos Premios Mestre Mateo 2015.
- Mellor Actor Javier Gutiérrez no XI Festival de Cans.
- Premio do Público á Mellor Curtametraxe no XI Festival de Cans.
- Premio do Público no III Festival Primavera do Cine.
- Mellor Curtametraxe no Festival O Novelísimo 2014.
- Mellor Curtametraxe no *Freaked-Out Film Festival* 2014.
- Premio do Público á Mellor Curtametraxe no VIII Festival Curtas na Rúa 2014.
- Mellor Guión na XVI Mostra de Curtas Vila de Noia 2015.
- Premio do Público á Mellor Curtametraxe no XIV Festival Creat Rivas 2015.
- Mención do Xurado ao Mellor Guión no V Festival Internacional de Cine Político FICiP. Arxentina 2015.
- Mellor Curtametraxe no I Concurso Internacional de Curtametraxes Ateneo de Sevilla 2015.

actividades

5.

preguntas e respostas para docentes

5.1

5.1.1 Actividades de experiencia, reflexión e acción en común

1. Que opinades do trato que reciben os traballadores por parte dos seus superiores na empresa da obra que acabamos de ver?

- > Momento de reflexión e acción común.
- > Resposta: aberta.

2. Como cualificariades a actitude da xefa de persoal?

- > Momento de reflexión e acción común.
- > Resposta: aberta.

O director da obra afirma: «quixemos darlle un punto de vista sarcástico, usando o humor negro como suavizante da revirada proposta que lle fai esa xefa de persoal ao pobre empregado».

3. Saberiades explicar en que consiste o xénero coñecido como «comedia negra»?

- > Momento de reflexión e acción común.
- > Resposta: a «comedia negra» ou «comedia aceda» é un xénero cinematográfico que se caracteriza por tratar temas tabú como por exemplo, a morte, abordándose de maneira humorística. A comedia negra burlase das normas e das regras sociais a través das súas accións, as cales polo xeral son contrarias á moral establecida. É un exercicio de crítica que invita á reflexión por parte dos/as espectadores/as.

No minuto 1:40 a xefa de persoal comunícalle ao traballador o seguinte: «sabes que ultimamente a empresa non está no seu mellor momento» ao que o traballador responde: «traballo no departamento de contabilidade e sei que a empresa facturou un 4,5% máis respecto ao ano anterior». A xefa de persoal mente en relación á situación económica da empresa.

«A comedia negra burlase das normas e das regras sociais a través das súas accións»

4. Credes que está xustificado coaccionar aos traballadores e empeorar as súas condicións laborais cando as empresas teñen beneficios?

> Fomentar que as/os alumnas/os reflexionen e argumenten as súas respostas.

E cando teñen perdas económicas?

> Fomentar que as/os alumnas/os reflexionen e argumenten as súas respostas.

Tendo en conta o que sucede en *Tupper*,

5. Credes que o poder ten a capacidade de deshumanizar ás persoas?

> Momento de reflexión e acción común.
> Resposta: aberta.

A obra remata coa seguinte frase de Ernesto Sábato: «Ao parecer, a dignidade da vida humana non estaba prevista no plan de globalización».

6. Que é a globalización?

> Momento de reflexión e acción en común.
> Resposta: a globalización é un proceso económico, tecnolóxico, político, social e cultural a escala mundial que consiste na crecente comunicación e interdependencia entre os distintos países do mundo, unindo os seus mercados, a través dunha serie de transformacións sociais e políticas que lles brindan un carácter global.

5.1.2 Actividades de debate e reflexión por secuencias

Contempla atentamente as seguintes dúas secuencias:



A primeira secuencia corresponde ao momento no que a xefa de persoal somete ao traballador. A segunda secuencia corresponde ao momento no que a xefa de persoal é sometida por parte do seu superior. A súa expresión facial muda por completo cando pasa de ser opresora a ser oprimida. A xefa de persoal, que disfruta sometendo aos traballadores a unha proba tan atroz, acaba sendo vítima da mesma proba. Este suceso podería servir como exemplo para explicar o concepto de «xustiza poética».

1. Sabes en que consiste o concepto de «xustiza poética»?

> Momento de reflexión e debate.

> Resposta: a xustiza poética é un tópico literario segundo o cal a bondade e a virtude son finalmente premiadas e a maldade castigada. Un exemplo de xustiza poética pode ser un cazador que é esmagado polo elefante que acaba de cazar ou unha persoa que tropeza e cae ao chan logo de rirse de outra persoa que tropezou e caeu ao chan.

Na seguinte secuencia podemos apreciar como no minuto 12:06 muda a cara da xefa de persoal como consecuencia de perder o control, desencadeando a partida do traballador e fracasando así na súa misión.



2. Que crees que tivera pasado se a xefa de persoal non tivera perdido os papeis?

> Momento de reflexión e debate.

> Resposta: aberta.

3. Credes que o que pasa na curtametraxe *Tupper* podería ter pasado na realidade?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: aberta.

preguntas para alumnas e alumnos

5.2

5.2.1 Actividades de experiencia, reflexión e acción en común

1. Que opinades do trato que reciben os traballadores por parte dos seus superiores na empresa da obra que acabamos de ver?

2. Como cualificariades a actitude da xefa de persoal?

O director da obra afirma: «quixemos darlle un punto de vista sarcástico, usando o humor negro como suavizante da revirada proposta que lle fai esa xefa de persoal ao pobre empregado».

3. Saberiades explicar en que consiste o xénero coñecido como «comedia negra»?

No minuto 1:40 a xefa de persoal comunícalle ao traballador o seguinte: «sabes que ultimamente a empresa non está no seu mellor momento» ao que o traballador responde: «traballo no departamento de contabilidade e sei que a empresa facturou un 4,5% máis respecto ao ano anterior». A xefa de persoal minte en relación á situación económica da empresa.

4. Creedes que está xustificando coaccionar aos traballadores e empeorar as súas condicións laborais cando as empresas teñen beneficios?

> Reflexiona e argumenta a túa resposta.

E cando teñen perdas económicas?

> Reflexiona e argumenta a túa resposta.

Tendo en conta o que sucede en *Tupper*,

5. Creedes que o poder ten a capacidade de deshumanizar ás persoas?

A obra remata coa seguinte cita de Ernesto Sábato: «Ao parecer, a dignidade da vida humana non estaba prevista no plan de globalización».

6. Que é a globalización?

5.2.2 Actividades de debate e reflexión por secuencias

Contempla atentamente as seguintes dúas secuencias:



A primeira secuencia corresponde ao momento no que a xefa de persoal somete ao traballador. A segunda secuencia corresponde ao momento no que a xefa de persoal é sometida por parte do seu superior. A súa expresión facial muda por completo cando pasa de ser opresora a ser oprimida. A xefa de persoal, que disfruta sometendo aos traballadores a unha proba tan atroz, acaba sendo vítima da mesma proba. Este suceso podería servir como exemplo para explicar o concepto de «xustiza poética».

1. Sabes en que consiste o concepto de «xustiza poética»?

Na seguinte secuencia podemos apreciar como no minuto 12:06 muda a cara da xefa de persoal como consecuencia de perder o control, desencadeando a partida do traballador e fracasando así na súa misión.



2. Que crees que tivera pasado se a xefa de persoal non tivera perdido os papeis?

3. Credes que o que pasa na curtametraxe *Tupper* podería ter pasado na realidade?



DEPUTACIÓN
OURENSE